

Martes, 21 de outubro de 2025

Núm. 201

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****GROVE, O****Ordenanzas e Regamentos**

*APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA
DA TAXA POR OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL CON MESAS, CADEIRAS,
QUIOSCOS E OUTRAS INSTALACIÓNS*

CONCELLO DO GROVE – EDICTO

O Pleno deste Concello, en sesión celebrada o 02.11.2022, acordou a aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación do dominio público municipal con mesas, cadeiras, quioscos e outras instalacións.

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, someteuse o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar dende o día seguinte da inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, (BOPPO nº214 do 09/11/2022) para que os interesados poideran examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimaran oportunas.

Durante o devandito prazo non se formularon alegacións, polo que considerase aprobado definitivamente o devandito acordo.

Nembargante, a Ordenanza xeral reguladora da actividade de ocupación de terreos de uso público con mesas e outro mobiliario si foi obxecto de reclamacións, que foron resoltas por acordo plenario do 29/09/2025, acordándose en dita sesión a aprobación definitiva da Ordenanza xeral.

Unha vez aprobada definitivamente a modificación da Ordenanza xeral, nada obstaculiza xa, a publicación do acordo automaticamente elevado a definitivo da Ordenanza fiscal, polo que segundo o disposto no artigo 17.4 do Texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais, procédese á súa publicación, sendo o texto íntegro da Ordenanza fiscal do tenor literal que se sinala a continuación.

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:FT7GXXRPJ0ZQFGJZ



Martes, 21 de outubro de 2025

Núm. 201

*ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO
MUNICIPAL CON MESAS, CADEIRAS, QUIOSCOS E OUTRAS INSTALACIÓNS.***Artigo 1.º. Fundamento e natureza**

En uso das facultades concedidas polo artigo 133.2 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1.985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15, 20.3.g, 20.3.1 e 20.3.m do RDLex 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por ocupación do dominio público municipal con mesas e cadeiras, quioscos e outras instalacións.

Artigo 2.º. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a ocupación do dominio público municipal con mesas, cadeiras, quioscos, ou outras instalacións definidas no artigo 6.º, que reserven dito dominio local para usos privados, obtivérase ou non a preceptiva licenza municipal para proceder a ocupación dos espazos usados privativamente.

Artigo 3.º. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos, en calidade de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, nas que ao seu favor foran outorgadas as licencias de ocupación cos elementos establecidos no artigo 2.º, ou quen se beneficie do espazo público se este fora utilizado sen previa licenza, independentemente das sancións ás que dita infracción puidera dar lugar.
2. Terán a consideración de suxeito pasivo, en calidade de substituto do contribuínte, o usufrutuario, arrendatario ou quen utilice para o seu proveito lucrativo os espazos obxecto da taxa.

Artigo 4.º. Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 5.º. Beneficios fiscais

Soamente se admitirán nesta taxa as exencións e bonificacións que veñan establecidas en Tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei.



Martes, 21 de outubro de 2025

Núm. 201

Artigo 6.º. Cota tributaria

As tarifas desta taxa serán as que figuran no seguinte cadro e que responden á superficie do aproveitamento e ao uso ao que se destine o espazo público aproveitado.

TARIFAS				
CONCEPTO	SITUACIÓN	IMPORTE		
1º) MESAS, CADEIRAS, TERRAZAS	A) Rúas, prazas e lugares situados dentro do perímetro formado polas rúas Beiramar, Pablo Iglesias, Castelao, Rúa da Praza, e Praza do Corgo. Illa da Toxa, Pedras Negras e San Vicente do Mar	55,188 €	/m2	ano
	B) Resto de rúas, prazas e lugares situados dentro do casco urbano	50,589 €	/m2	ano
	C) En lugares do rural	44,165 €	/m2	ano
2º.a) CARPAS, PALCOS, ANUNCIOS, ATRACCIÓN DE FEIRA, TOLDOS 2º.b) ESTADAS, CONTEDORES DE OBRAS, GUINDASTRES, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN 2º.c) QUIOSCOS, EXPOSITORES, OUTRAS OCUPACIÓN NON CONTEMPLADAS NOUTROS PARÁGRAFOS	A) Rúas, prazas e lugares situados dentro do perímetro formado polas rúas Beiramar, Pablo Iglesias, Castelao, Rúa da Praza, e Praza do Corgo. Illa da Toxa, Pedras Negras e San Vicente do Mar	0,600 €	/m2	día
	B) Resto de rúas, prazas e lugares situados dentro do casco urbano	0,550 €	/m2	día
	C) En lugares do rural	0,480 €	/m2	día
3º.a) CAIXEIROS AUTOMÁTICOS, MÁQUINAS EXPENDEDORAS DE VÍDEOS, BEBIDAS OU CALQUERA OUTRO PRODUTO 3º.b) INSTALACIÓN PUBLICITARIAS ESTÁTICAS TIPO MUP I	A) Rúas, prazas e lugares situados dentro do perímetro formado polas rúas Beiramar, Pablo Iglesias, Castelao, Rúa da Praza, e Praza do Corgo. Illa da Toxa, Pedras Negras e San Vicente do Mar	262,800 €	/unidade	ano
	B) Resto de rúas, prazas e lugares situados dentro do casco urbano	240,900 €	/unidade	ano
	C) En lugares do rural	210,240 €	/unidade	ano

2. Serán de aplicación as reducións de cota que se establezan polo Pleno, co alcance temporal e requisitos que se determinen, con base na imposibilidade legal ou material de facer uso do dominio público (en supostos de pandemia, etc.).

Estas reducións aplicaranse sobre o importe final da cota resultante da aplicación das tarifas da taxa contidas na ordenanza.

Artigo 7.º. Devindicación

1. Devindícase a taxa, e nace a obriga de contribuír, dende o momento en que se conceda a autorización para utilización dos espazos de dominio público.



Martes, 21 de outubro de 2025

Núm. 201

No caso en que a utilización dos espazos se produza sen autorización previa, nace a obriga de contribuír dende o momento en que aquel se producise, sen prexuízo das sancións a que dera lugar.

2. Unha vez sexa concedida a autorización, as cotas devindícanse o primeiro día do período para o cal fose concedida, segundo sinala a tarifa da taxa, ou se é o caso, na data que se realice o feito impositivo.

Artigo 8.º. Liquidación e período impositivo

1. O período impositivo verá definido nas unidades indicadas para cada tipo de uso na táboa de tarifas do artigo 6.º, sen que se admita o prorrateo salvo indicación específica en contra na presente Ordenanza.

2. Se o uso da ocupación ten natureza periódica (conceptos do tipo 1º, 3º.a e 3º.b) o período impositivo coincidirá co ano natural.

Nestes supostos, a taxa devindicarase o primeiro día do período impositivo, salvo nos casos de alta, en cuxo caso devindicarase no momento da ocupación.

A liquidación de alta da taxa, que se realizará pola aplicación da tarifa establecida sobre os metros de ocupación ou unidades, uso e período (polos meses restantes ata o remate do ano en curso, engadido o da alta), notificarase individualmente, seguindo o procedemento de ingreso establecido no Regulamento Xeral de recadación.

Unha vez producida a alta no correspondente padrón, a liquidación e ingreso desta taxa acomodarse ao procedemento previsto para os valores recibo (padrón) que se realizará durante os períodos de cobro establecidos pola Alcaldía. De non establecerse outros períodos de cobro, estes realizaranse anualmente.

As liquidacións de alta producirán a incorporación dos suxeitos pasivos ao padrón do período impositivo seguinte a aquel no que se efectúen as citadas liquidacións.

No caso de baixas por cese de negocios ou actividade dos suxeitos pasivos, e que deberá acreditarse coa baixa no imposto de activades económicas, procederá o prorrateo cando así se solicite, polos meses restantes ata o remate do ano en curso.

3. No caso de aproveitamentos en días puntuais (supostos previsto no apartado 2º.a, 2º.b e 2º.c) do cadro de tarifas), o período impositivo será por días. No caso concreto dos conceptos engadidos no punto 2º.b) da táboa de tarifas do artigo 6.º, o solicitante da ocupación practicará unha autoliquidación, que deberá ser comunicada e presentada ante o concello, previamente á ocupación prevista.

Artigo 9.º. Xestión

1. ALTAS

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:FTGXRPJ0ZQFGJZ



Martes, 21 de outubro de 2025

Núm. 201

As solicitudes de lata cursaranse conforme aos modelos establecidos na Ordenanza Reguladora da actividade de ocupación de terreos de uso público con mesas e outro mobiliario.

2. BAIXAS

En todo caso especificaranse os datos do titular da ocupación, tipo de instalación, o emprazamento e extensión da ocupación, a autorización da ocupación ou a solicitude realizada no seu defecto, e a data a partir da cal cesará o goce.

Unha vez tramitada a baixa pola oficina técnica municipal practicarase o reintegro prorrateado do importe pola taxa previamente abonado se se solicita e procede conforme ao artigo 8.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Dado que a modificación da presente ordenanza entrará en vigor unha vez comezado o exercicio en curso dispónse que:

Ata o momento da entrada en vigor da modificación rexerá a tarifa previa, definida en días excepto para o caso dos caixeiros automáticos, máquinas expendedoras....., onde realizarase un prorrateo da cota anual conforme a proporción do ano transcorrido.

A partir da entrada en vigor, realizárase así mesmo un prorrateo pola proporción do ano restante nos casos en que a nova cota estea definida en anos.

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor no día primeiro do mes seguinte ao da data en que se publique o seu texto íntegro no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

O Alcalde: Jose A. Cacabelos Rico.

